

MEMORIA DO OBRADOIRO LITERARIO IMPARTIDO NO IES Nº1 DE RIBEIRA

3º TRIMESTRE CURSO ESCOLAR 2006/07

PARTICIPANTES: MOZAS entre 14 e 17 anos.

HORARIO: Xoves (16'45-17'45 h.). Cada 15 días.

SESIÓNS: 10.

O obxectivo primeiro deste obradoiro intensivo en 10 sesións era procurar unha achega á práctica do relato e da poesía entre os mozos, neste caso mozas, xa que a totalidade de participantes eran mulleres.

Despois da presentación e dunha primeira toma de contacto, aproveitamos as **dúas primeiras sesións** para estudar as formas e as características principais do relato curto, facendo fincapé no xeito de lle darmos forma a unha idea e elaborala até a convertermos nunha historia escrita atractiva. Falamos dos momentos previos, das fontes, dos atrancos, de cando comezar e cando rematar unha historia.

Co obxecto de incentivar as primeiras creacións e mais descubrir o talento das alumnas, entregóuselles os primeiros parágrafos de relatos escritos por grandes autores da literatura universal para que elas os continuasen. A sorpresa foi grande, pois, malia que a idade das máis delas anda polos 14 e 15 anos, a súa madurez e destreza narrativa resultou alentadora. Mantivemos un diálogo constante, intercambiando opinións, lendo os relatos orixinais e comparándoos co resultado do seu traballo.

Na terceira e cuarta sesión xa entramos de cheo na técnica: esqueleto narrativo, construción de personaxes, voces, diálogos, puntos de vistas do narrador, climas, atmosferas, etc... E foron aparecendo os primeiros relatos, algún deles publicados posteriormente en La Voz de Galicia, no suplemento cultural A Voz de Barbantia.

Na quinta e sexta sesión falamos de poesía, arte que adoita estar afastada das aulas e do sistema educativo, e repartimos libros das poetas galegas actuais para que os lesen (Olga Novo, Yolanda Castaño, Enma Couceiro, Lupe Gómez, Ana Romaní, Enma Pedreira, Antía Otero...). Tratouse aquí de utilizar a palabra como materia viva, dándolle unha idea de construción manual, dun xeito semellante ao de calquera oficio, como o dun pintor ou dun panadeiro que utilizan a pintura ou a fariña do mesmo xeito que o escritor botan man da palabra. O que se pretendía era a estimulación para crear poemas dun xeito artesán, mesmo colectivo, desmitificando o mundo do poeta e buscando imaxes e palabras coas que ordenar as ideas que ían xurdindo. Impulso, emoción, sensibilidade,

intuición, foron algúns dos aspectos tratados. E certamente todas perderon o medo a utilizar as palabras dun xeito libre e intuitivo xa que foron presentando interesantes poesías para a súa idade.

Na sétima sesión puxemos de exemplo a María Mariño. Falamos da súa vida e da súa poesía, que lemos na clase. A partir de aí fixemos poesías colectivas, algunhas das cales se colgaron na páxina web da A.C. Barbantia, na sección *Versos que comezan*, homenaxe á poeta noiesa María Mariño.

Na oitava sesión abandonamos o centro de ensino e saímos ao parque para reflexionar sobre o mundo da escrita e discutir os argumentos dalgúns relatos iniciados polas alumnas. Ao final da clase entregóuselle a todas o libro de Xurxo Borrazás, *Arte e Parte*, co obxectivo de que o lesen para o tratarmos na seguinte clase que sería gravada pola televisión de Galicia.

Na novena sesión mentres discutimos varios proxectos narrativos para realizar no verán (relatos curtos, mesmo unha posible novela curta) a TVG veu gravar o programa Libro Aberto e foron as rapazas do obradoiro as que lle fixeron unha serie de preguntas ao escritor Xurxo Borrazás, relacionadas co libro de ensaio publicado pola editorial Galaxia.

Na última sesión recolléronse algúns traballos, recomendóuselles libros de lectura para o verán e firmouse un compromiso de escribir cadanseu relato curto para o suplemento A Voz de Barbantia que publica La Voz de Galicia o último venres de mes.